COMERCIO	CONCELLERÍA DE PARQUES, XARDÍNS, COMERCIO, PARTICIPACIÓN CIDADÁ E DISTRITOS	CONCELLO DE VIGO	VIGO

EXPEDIENTE:	4494 / 106	**TIPO EXPTE:**	CONTRATO MENOR DE SERVIZOS
		SOLICITANTE:	Comercio

REDACCIÓN DE PROXECTO/MEMORIA PARA A REFORMA DO MERCADO DE TEIS

ACTA:

En data 17 de abril de 2017, ás 09:30 horas, na sala de reunións da oficina do Servizo de Comercio, reunida a comisión de avaliación da Concellería de Comercio, tivo lugar a apertura dos sobres coas ofertas presentadas, en relación ao anuncio de contratación de contrato menor de servizos para a REDACCIÓN DE PROXECTO/MEMORIA PARA A REFORMA DO MERCADO DE TEIS (expte. 4494 /106).

ASISTENTES:

O xefe da Área de Servizos Xerais, Álvaro Crespo Casal e a xefa do negociado do Servizo de Comercio (por encomenda), Carmen Cotilla Iglesias, en representación do Servizo de Comercio.

Rubén Galiñanes Fernández, con DNI 53182607-Y, en representación da empresa Proyegal Ingeniería, SL.

Procédese a dar lectura a única oferta presentada:

- Proyegal Ingeniería, S L: oferta un precio de **8.887,70** euros (IVE incluído) e unha **redución no prazo de prestación de 5 días hábiles,** polo que a redacción do proxecto será entregada no prazo máximo de 25 días desde a data de adxudicación do contrato.

A sesión levántase ás 09:45 horas, para proceder á avaliación da proposición presentada de conformidade cos criterios establecidos no anuncio de contratación.

Examinada a oferta, comprobouse que propón **unha redución de prezo dun 6% sobre o orzamento de licitación** do Concello. Así mesmo, a comisión de avaliación considera que **non procede a avaliación dos criterios de valoración mediante xuízo de valor por non existir ofertas comparativas**, tal e como se indica no apartado do anuncio que recolle os "criterios para a avaliación da puntuación dos criterios de xuízo de valor": *"outorgarase a máxima puntuación do apartado a avaliar que se considere recolle con maior grado de detalle e coñecemento os aspectos descritos anteriormente e puntuando as restantes ofertas en función da documentación presentada, comparándoa coa da oferta de maior puntuación"*.

En base ao exposto, proponse a adxudicación do contrato á entidade mercantil **Proyegal Ingeniería, S L.**

cci

Vigo, na data da sinatura dixital

O xefe da Área de Servizos Xerais

Álvaro Crespo Casal

ASINADO POR: Xefe Área Servizos Xerais (Álvaro Crespo Casal) 2017-04-19T14:50:02+02:00 -

Documento asinado